

Divulgación, formación, dinamización e asesoramento permanente

# Accións Formativas en materia de TIC

v0



**icoopera**  
impulso I+D+i e TIC



**eusumo**  
Cooperativismo e Economía Social



**UNIÓN EUROPEA**  
**FONDO SOCIAL EUROPEO**  
*"O FSE inviste no teu futuro"*



**XUNTA**  
**DE GALICIA**



## ÍNDICE

|                               |   |
|-------------------------------|---|
| 1. PROGRAMA FORMATIVO .....   | 3 |
| PROGRAMACIÓN DOS CURSOS ..... | 6 |
| 2. PLATAFORMA ON-LINE .....   | 7 |
| 3. INSCRIPCIÓN .....          | 8 |



## 1. PROGRAMA FORMATIVO



Programáanse catro accións formativas **GRATUITAS** específicas en materia de TICs, de carácter mixto (virtual + presencial), coas que se pretende proporcionar aos xestores, directivos e profesionais das organizacións cooperativas un conxunto de coñecementos, ferramentas e pautas metodolóxicas para a incorporación das tecnoloxías da información e as comunicacións nas súas respectivas organizacións.

Os participantes recibirán un diploma xustificativo da formación cursada. Aqueles alumnos que completen os catro cursos propostos (80h Teleformación + 20h Presencial), obterán ademáis un **recoñecemento do equipo formador como DINAMIZADOR TIC**.

A proposta formativa é a seguinte:

- **Curso: “Presenza en Internet e uso básico das TICs”**

Duración: 20h (Teleformación) + 5h (Presencial)

Obxectivos:

- » *Presentar o proceso xeral para adquirir a presenza na Internet.*
- » *Pautas para a xeración de contidos de interese, a imaxe corporativa, necesidades de comunicación e mensaxe a proxectar cara ao exterior.*



- » *Coñecer as ferramentas básicas para o aproveitamento eficiente de internet na organización.*

Programa:

- » *Internet: estrutura e principais servizos.*
- » *Necesidades tipo nunha organización.*
- » *Presenza en internet. Alta de Dominios.*
- » *A imaxe corporativa. Comunicación.*
- » *Ferramentas para a xeración de contidos.*
- » *Ferramentas básicas: buscadores, correo, videoconferencia...*

▪ Curso: “Marketing dixital e Redes Sociais”

Duración: 20h (Teleformación) + 5h (Presencial)

Obxectivos:

- » *Integrar internet nos plans de comunicación da organización para comunicar con éxito os seus produtos ou servizos.*
- » *Coñecer a técnicas principais para xestionar eficazmente as relacións e a presenza nas principais redes sociais.*
- » *Visibilidade en internet e promoción on-line.*

Programa:

- » *A redes sociais na organización.*
- » *Perfís públicos.*
- » *Comunicación dixital e relacións internas e externas.*
- » *Visibilidade: alta en buscadores e directorios.*
- » *Promoción on-line.*



▪ **Curso: “Comercio Electrónico”**

Duración: 20h (Teleformación) + 5h (Presencial)

Obxectivos:

- » *Coñecementos e ferramentas xerais para a adopción do comercio electrónico dentro da organización.*
- » *Identificación e posta en marcha dos elementos básicos na estrutura e funcionamento dun servizo de comercio electrónico.*
- » *Xeración de contidos e catálogo de produtos.*

Programa:

- » *Comercio electrónico vs canle tradicional.*
- » *Requisitos do comercio electrónico.*
- » *Infraestructura básica. Carriño dixital.*
- » *Deseño do proceso de venta.*
- » *Selección do catálogo de produtos e posta en valor.*

▪ **Curso: “Ferramentas TICs para a xestión avanzada dunha cooperativa”**

Duración: 20h (Teleformación) + 5h (Presencial)

Obxectivos:

- » *Coñecer as principais ferramentas TICs de software libre para apoiar a xestión e funcionamento das cooperativas.*

Programa:

- » *As TICs no apoio ao funcionamento dunha organización.*
- » *Repositorios de software libre.*
- » *Ferramentas de xestión integral ERPs*
- » *Ferramentas de comunicación.*
- » *Traballo en grupo e recursos compartidos.*
- » *Ferramentas de produtividade.*



## PROGRAMACIÓN DOS CURSOS

Para incentivar a participación dos cooperativistas, manteranse abertas as propostas formativas ao longo de toda a duración do proxecto, establecendo varias sesións presenciais. Isto facilita a incorporación de novos alumnos durante o servizo, a medida que van coñecendo o mesmo ou van sendo captados nas actividades de asesoramento.

O seguinte cadro amosa as datas previstas de apertura dos cursos e o periodo durante o que permanecerá aberto o acceso.

### FORMACIÓN TIC

20h online + 5h presenciais

- Presenza en Internet e uso básico das TIC
- Marketing dixital e Redes Sociais
- Comercio Electrónico
- Ferramentas TIC para a xestión avanzada dunha cooperativa

|   | MAR | ABR   | MAI   | XUÑ | XUL | AGT | SEP | OCT   | NOV  | DEC |
|---|-----|---|---|-----|-----|-----|-----|---|--|-----|
| • Presenza en Internet e uso básico das TIC                 |     | [Green bar indicating course availability from April to December] |   |     |     |     |     |   |  |     |
| • Marketing dixital e Redes Sociais                         |     |   | [Green bar indicating course availability from May to December] |     |     |     |     |   |  |     |
| • Comercio Electrónico                                      |     |   |   |     |     |     |     | [Green bar indicating course availability from October to December] |  |     |
| • Ferramentas TIC para a xestión avanzada dunha cooperativa |     |   |   |     |     |     |     |   | [Green bar indicating course availability from November to December] |     |



## 2. PLATAFORMA ON-LINE

Os contidos están a disposición dos alumnos a través dunha plataforma de teleformación, dentro da páxina do proxecto icoopera, no enderezo seguinte:

<http://www.innovacioncooperativas.coop/formacion/formacion-tic/>

### Curso: “Presenza en Internet e uso básico das TICs”



Duración: 20h (Teleformación) + 5h (Presencial)

Data Inicio: Abril 2015

Inscripción: **ABERTA** (ate 31/05/2015)

[Formulario de Inscripción](#)

#### Obxectivos:

- Presentar o proceso xeral para adquirir a presenza na Internet.
- Pautas para a xeración de contidos de interese, a imaxe corporativa, necesidades de comunicación e mensaxe a proxectar cara ao exterior.
- Coñecer as ferramentas básicas para o aproveitamento eficiente de internet na organización.

### Curso: “Marketing dixital e Redes Sociais”



Duración: 20h (Teleformación) + 5h (Presencial)

Data Inicio: Maio 2015

Inscripción: **ABERTA** (ate 31/05/2015)

[Formulario de Inscripción](#)

#### Obxectivos:

- Integrar internet nos plans de comunicación da organización para comunicar con éxito os seus produtos ou servizos.
- Coñecer a técnicas principais para xestionar eficazmente as relacións e a presenza nas principais redes sociais.
- Visibilidade en internet e promoción on-line.



### 3. INSCRIPCIÓN

Se desexa participar en todas o nalgunha destas ACTIVIDADES FORMATIVAS GRATUITAS, pode facelo a través do formulario electrónico dentro de dita plataforma.

<http://www.innovacioncooperativas.coop/formacion/formacion-tic/#inscripcion>

**INSCRIPCIÓN**

Se desexa participar en todas o nalgunha destas **ACTIVIDADES FORMATIVAS GRATUITAS**, pode facelo a través do seguinte **FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN**. Un tutor porase en contacto con vostede para proporcionar o seu usuario e contrasinal de acceso á plataforma de formación.

Nome e Apelidos (obligatorio):

email (obligatorio):

Organización (obligatorio):

Teléfono de contacto:

Desexo inscribirme nos seguintes cursos:

Curso: "Presenza en Internet e uso básico das TIC"  Curso: "Marketing dixital e Redes Sociais"  Curso: "Comercio Electrónico"  Curso: "Ferramentas TICs para a xestión avanzada dunha cooperativa"

---

Política de Privacidade

O usuario confirma ler a nosa política de privacidade e consente expresamente o aquí descrito.